



| Guía Docente          |   |                    |                        |          |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                        | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Literatura e Espectáculo  | Código             | 613584107              |          |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)   |                    |                        |          |
| Descritores           |   |                    |                        |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Obrigatoria            | 3        |
| Idioma                | Galego  |                    |                        |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                        |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                        |          |
| Departamento          | Letras  |                    |                        |          |
| Coordinación          | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano  | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es |          |
| Profesorado           | Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano  | Correo electrónico | carlos.vizcaino@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                        |          |
| Descrición xeral      | Estudo da literatura en relación coas diferentes manifestacións escénicas: teatro, danza, cinema...<br>Relacións entre texto e artes escénicas.<br>Discursos en que se relacionan literatura e espectáculo. Recursos e métodos para a investigación interdisciplinar. |                    |                        |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural   |
| A2                                  | Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural   |
| A3                                  | Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais  |
| A4                                  | Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos   |
| A12                                 | Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais  |
| A13                                 | Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais   |
| A14                                 | Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais   |
| B5                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| B6                                  | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse  |
| B7                                  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe  |
| B8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade  |
| B10                                 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| C1                                  | Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva  |
| C4                                  | Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade  |
| C5                                  | Integrar coñecementos de campos de estudos diversos   |
| C7                                  | Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador   |
| C8                                  | Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico  |
| C9                                  | Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación   |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |     |
|---|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |     |
| O alumnado deberá coñecer as relacións entre a literatura e o teatro, o audiovisual, a música e a danza a través da historia e en contextos culturais diversos. | AM1<br>AM3                          | CM4 |



|  |                   |            |                   |
|--|-------------------|------------|-------------------|
| O alumnado deberá coñecer os principais focos de información e de reflexión teórica relativas ao estudo das relacións entre a literatura e as producións espectaculares e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico.            | AI2<br>AI3        | BP3<br>BP5 | CM5<br>CI2        |
| O alumnado deberá saber empregar a rede informática na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, adquirir a capacidade de utilizar as ferramentas TIC necesarias para o exercicio profesional e investigador.                                     | AM2<br>AM4<br>AI3 | BP3<br>BP4 |                   |
| O alumnado deberá deseñar e realizar un traballo de investigación orixinal, rigoroso e de extensión limitada en que se analicen as relacións de certos produtos espectaculares coa literatura, pondo en relación os estudos literarios con contextos culturais diversos. | AM2<br>AI1        | BP3<br>BP7 | CI3               |
| O alumnado deberá saber traballar de forma autónoma e con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.  | AM3               | BP2<br>BP4 | CM1<br>CM5<br>CI1 |
| Saber realizar unha análise crítica da literatura, dos espectáculos e dos discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.                      | AM3<br>AI1        | BP2        | CM4<br>CM5        |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1. A literatura na sociedade do espectáculo      | 1.1. Gustavo Pernas: Os ollos de Victorine ou a construción da cuarta parede<br>1.2. Aldea global e iconosfera: the pictorial turn<br>1.3. Performance e textualidade<br>1.4. Lectura performativa e performance da personalidade nas redes sociais<br>1.5. Jacques Rancière: É posíbel un espectador emancipado?<br>1.6. Estratexias performativas de identidade: narradores e poetas performativos   |
| 2. O medio é a mensaxe: literatura e audiovisual | 2.1. O determinismo tecnolóxico e a literatura<br>2.2. Literaturicidade do roteiro audiovisual<br>2.3. Chico Buarque, Leonard Cohen e Bob Dylan contemplados desde a literatura<br>2.4. Narrativas transmedia e ludificación<br>2.5. Narrativa e cómic   |
| 3. Posdrama e literatura                         | 3.1. Deconstrución e paradoxos da literatura posdramática: Heine Müller e Sarah Kane<br>3.2. Texto-centrismo versus Esceno-centrismo:<br>___ 3.2.1. O paradigma artaudiano<br>___ 3.2.2. Do happening á non-encenación de Claude Régy<br>___ 3.2.3. Kantor (Umarla klasa - A clase morta): tensión entre a realidade preexistente do texto literario e a realidade autónoma da escena.<br>3.3. O cuestionamento da ficcionalidade: (re)produción, (re)presentación |
| 4. A ruptura coa liña discursiva patriarcal      | 4.1. Textos escénicos alternativos ao logos androcéntrico<br>4.2. Experiencias escénicas feministas<br>4.3. Autoría espectacular feminina na Galiza  |

| Planificación                         |                            |   |                         |              |
|---------------------------------------|----------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                 | Competencias / Resultados  | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados                   | A3 A14 A12 B10 C1<br>C8 C9 | 3                                       | 20                      | 23           |
| Lecturas                              | A1 A2 B7 C7 C5             | 2                                       | 20                      | 22           |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B7 B8 C5                   | 0                                       | 4                       | 4            |



|                        |                     |   |   |    |
|------------------------|---------------------|---|---|----|
| Presentación oral      | B6 B10 C1           | 6 | 6 | 12 |
| Sesión maxistral       | A1 A2 C5            | 2 | 0 | 2  |
| Proba mixta            | A13 A4 B5 B8 B10 C4 | 2 | 6 | 8  |
| Atención personalizada |                     | 4 | 0 | 4  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                          |  |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías                          | Descrición   |
| Traballos tutelados                   | O alumnado realizará individualmente un traballo de investigación -orixinal, rigoroso e de extensión limitada-, que focará ora un texto posdramático, ora a análise dalgún aspecto concreto dun espectáculo non aristotélico, ora un discurso alternativo ao patriarcal desde os palcos, ora as relacións da literatura co audiovisual, ora a análise narratolóxica dun produto dese medio. Nas primeiras sesións serán determinadas tanto a data de comunicación do tema e ponderación co profesor e os compañeiros das estratexias de elaboración -nun espazo de traballo colaborativo en liña-, como a de incorporación ao espazo virtual colaborativo da versión definitiva. |
| Lecturas                              | Será preciso realizar nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a elaboración do traballo.   |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Acompañarase, presencialmente ou através de ferramentas de comunicación asíncrona, eventos científicos e divulgativos relacionados cos contidos da materia.  |
| Presentación oral                     | Destinaranse as sesións presenciais pertinentes á presentación oral dos traballos individuais tutelados, dedicando uns minutos ás preguntas e retroalimentación dos mesmos por parte dos compañeiros.  |
| Sesión maxistral                      | Destinarase media hora das catro primeiras sesións á exposición e desambiguación dos conceptos teóricos por parte do docente.  |
| Proba mixta                           | A proba mixta desenvolverase como discusión dirixidas. As sesións presenciais consistirán principalmente na realización sincrónica destas discusións, tuteladas polo docente, en que o alumnado deberá participar activamente. Previamente, as/os estudantes terán que preparar as discusións mediante a lectura dos artigos especializados indicados con suficiente antelación. Tamén se realizarán discusións dirixidas asíncronas, através do espazo de traballo colaborativo en liña.  |

| Atención personalizada                                  |   |
|---|---|
| Metodoloxías  | Descrición  |
| Proba mixta<br>Traballos tutelados<br>Presentación oral | A través destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos e destrezas.<br><br>A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos disponíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade ( <a href="https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/">https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/</a> ); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (pat.filoloxia@udc.gal). |

| Avaliación   |                           |   |               |
|--------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
| Proba mixta  | A13 A4 B5 B8 B10 C4       | A participación activa e con argumentos madurecidos e creativos nas discusións dirixidas presenciais ou asíncronas representará o 35% da cualificación final. | 35            |



|                                       |                            |  |    |
|---------------------------------------|----------------------------|--|----|
| Traballos tutelados                   | A3 A14 A12 B10 C1<br>C8 C9 | O traballo individual representará o 35% da cualificación final. Terase en conta a ponderación co profesor e os compañeiros de tema e fontes, que será recíproca, isto é escoitará o que se lle di da súa elección e el/ela mesmo/a ponderará ás dos compañeiros/as; a presentación dentro dos prazos e a calidade do mesmo. | 35 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | B7 B8 C5                   | A asistencia aos eventos programados será avaliada até ao 10% da cualificación final.  | 10 |
| Presentación oral                     | B6 B10 C1                  | Serán avaliadas tanto a presentación oral do traballo tutelado (10%) como a participación retroalimentadora nos outros traballos (10%).  | 20 |

## Observacións avaliación

**Exercicios obrigatorios** Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. Para poder aprobar deberase atinxir unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 en ambos exercicios. O alumnado que non realizar estas actividades recibirá a cualificación de NON PRESENTADA/O. A expresión lingüística deficiente (oral ou escrita) poderá ser penalizada até ao 50% do total atribuído a cada exercicio.

**Ensino semipresencial e alumnado con dispensa académica** O alumnado de ensino semipresencial ou con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o docente comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso, para alén de estar publicados no campus virtual. Aplicaranse os mesmos criterios de avaliación e as metodoloxías pasarán a ser asíncronas.

**Segunda oportunidade e convocatoria adiantada** Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunhas das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación. A retroalimentación nos outros traballos realizarase asincronamente por escrito, no campus virtual.

**Integridade académica** Salvagardando en todo o momento os dereitos de autoría e protexendo os datos dos mesmos, os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algunha destas circunstancias, o traballo fícará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

**Apoio á diversidade** A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Poderase contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade ([pat.filoxia@udc.gal](mailto:pat.filoxia@udc.gal)).

Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. O alumnado con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso. Na segunda oportunidade (xullo) o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non se ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

## Fontes de información



## Bibliografía básica

- Abuín, A (2006). "Performance y textualidad", Escenarios del caos: 151-157. Valencia: Tirant lo Blanch
- Alonso de Santos, J. L. (2007). "Las reglas de la teatralidad" e "La recepción teatral", en Manual de Teoría y Práctica Teatral, 165-194 e 519-545. Madrid: Castalia
- Becerra, Afonso (2018). Confio-te o meu corpo: a dramaturgia pós-dramática. Compostela: ATravés Editora
- Bermúdez, S (2002). "O capital simbólico das literaturas subalternas: a poesía galega no serodio século XX", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002, 201-208.. . Compostela: USC
- Biscainho Fernandes, C. C. (2019). "A dramaturxia galega de autoría feminina no século XXI", eHumanista IVITRA, 15, Monográfico III, Santa Bárbara (California) (Estados Unidos), UC Santa Barbara, 2019, pp. 324-341. <https://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/default/files/sitefiles/ivitra/volume15/7.%20Biscainho-Fernand>
- Cornago, Óscar (2015). Capítulos II e III de Ensayos de Teoría Escénica. Sobre teatralidad, público y democracia. Madrid: Abada Editores
- Fischer-Lichte, E. (2011). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Editores
- Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria: 593-613. Vigo: Xerais
- Lehmann, H.T. (1999). "El teatro postdramático: una introducción", Posdramatisches Theater (traduc. de Paula Riva), Telondefondo nº12-diciembre 2010.
- Martín Rodríguez, I. (2015). Análisis narrativo del guión de videojuego. Madrid: EUG-Síntesis
- Pavis, P. (2007). "Nas fronteiras da encenação" e "Encenação, Performance: Qual é a diferença?", en A Encenação Contemporânea, 25-59. São Paulo: Perspectiva
- Pernas, Gustavo (2006). Os ollos de Victorine e a construción da cuarta parede. Ames: Latiovento
- Tenschert, Bataillon, Dort e Raoul-Davis (2003). Questões de Dramaturgia I. Lisboa: Escola Superior de Teatro e Cinema
- Valverde, A. (2004). "A performance en Rompente", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2004, 96-105. Compostela: USC
- Ubersfeld, A. (1997). "La escena y el texto", en La escuela del Espectador, 20-58. Madrid: Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España
- Zavala, L. (). "Cine y literatura. Puentes, analogías y extrapolaciones", en Razón y Palabra nº 71. . LECTURAS/MISIONADOS OBRIGATORIOS Gustavo Pernas Cora (2006): Os ollos de Victorine ou a construción da cuarta parede (fragmentos) Oscar Cornago: ¿Qué es la teatralidad? Paradigmas estéticos de la modernidad Patrice Pavis (2007): "A Desconstrução da Encenação Pós-moderna" Robert Wilson (2015): Adam's Passion Marta Pérez & Nuria Sotelo (2013): "Tomar as rendas e crear á inversa: unha perspectiva feminista de creación escénica en Galicia" Biscainho-Fernandes: "Literatura e outros espectáculos (para alén do teatro)"



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Alemany Ferrer e Chico Rico (eds.) (2012). Literatura i espectacle = Literatura y espectáculo. Alicante : Universidad de Alicante : Sociedad Española de Literatura General y Comparada</li> <li>- (1999). "A propósito de Guy Debord y la crítica situacionista del espectáculo", en Archipiélago cuadernos de crítica de la cultura n. 39, 87-115. Castelldefels: Pamiela</li> <li>- Abuín, A. (1996). ?Para una teoría de la puesta en escena. Hermenéutica y transformación de un texto literario?, Tropelías 5/6, 1994-1995, pp. 5-15.</li> <li>- Abuín e Casas (2004). "O texto espectacular", en Casas (coord.) Elementos de crítica literaria, 415- 470. Vigo: Xerais</li> <li>- Abuín González e Rodríguez González (2004). "Literatura e cinema: recreacións fílmicas e transferencias culturais", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 569-591. Vigo: Xerais</li> <li>- Artaud, Antonin (). Teatro e seu duplo. São Paulo: Livraria Martins Fontes Editora Ltda</li> <li>- Becerra de Becerreá, A (2007). Dramaturxia. Teoría e práctica. Vigo: Galaxia</li> <li>- Carlson, M (2005). Performance: unha introdución crítica. Vigo: Galaxia</li> <li>- Creton, Palmer e Sarrazac (2005). Arts du spectacle, métiers et industries culturelles: penser la généalogie. Paris: Presses Sorbonne Nouvelle</li> <li>- Figuero Espadas (2013). Guion : nociones sobre la escritura audiovisual. Madrid: CEU</li> <li>- Fischer-Lichte, E. (2004). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Edidtores</li> <li>- Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 593-613. . Vigo: Xerais</li> <li>- Hormigón, J. A. (1991). ?Dramaturgia y trabajo dramático?, Trabajo dramático y puesta en escena. 31-58. Madrid: Publicaciones de la ADE</li> <li>- Kowzan, Tadeusz (1992). Literatura y espectáculo. Madrid : Taurus</li> <li>- McKee, R. (2002). El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones. . Barcelona: Alba</li> <li>- Pavis, P (1983). Diccionario del Teatro. Dramaturgia, estética, semiología. . Barcelona: Paidós</li> <li>- Sánchez Noriega, J. L. (2000). De la literatura al cine. Barcelona: Paidós</li> <li>- Sarrazac, Jean-Pierre (2003). O futuro do drama. Porto: Campo das Letras</li> <li>- Schechner, R. (2006). Performance Studies. New York: Routledge</li> <li>- Ubersfeld, A. (1993). Semiótica teatral.. Madrid: Cátedra / Universidad de Murcia</li> <li>- Werneck et ali (2009). Texto e imagem: estudos de teatro. Rio de Janeiro: 7 letras</li> </ul> |
|------------------------------------|---|

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

Para o alumnado internacional, recoméndase un nivel mínimo de galego ou español equivalente ao B2.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías